



COMUNICADO DO BNG

Como todos os cidadáns e cidadás saben, o día de onte o BNG fixo efectiva a decisión, que xa comunicara desde o inicio da crise no Concello de Ourense, e presentou a renuncia efectiva a formar parte do equipo de goberno do Concello.

Polo tanto, queremos comunicarlle á cidadanía que desde onte ás 13:00 o BNG non forma parte do goberno municipal.

Con posterioridade, produciuse o anuncio público de que o alcalde presentará no pleno de mañá sábado a súa dimisión. Entendemos que isto abre unha nova etapa no Concello de Ourense.

O BNG actuará, en coherencia coa liña que sempre seguiron as súas actuacións, segundo a cal, no que de nós dependa, nos concellos nos que o Partido Popular non teña maioría para gobernar, o BNG non facilitará o seu acceso á Alcaldía.

Ourense, 28 de setembro de 2012